



Guía Docente			
Datos Identificativos			2012/13
Asignatura (*)	Avaliación dos procesos cognitivo-lingüísticos implicados na aprendizaxe lectoescritora	Código	652498024
Titulación	Mestrado Interuniversitario en Estudios Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías (plan 2012)		
Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria
Idioma	Castelán		
Prerrequisitos			
Departamento	Psicoloxía Evolutiva e da Educación		
Coordinación	Mayor Cinca, Mª Ángeles	Correo electrónico	mayor@usal.es
Profesorado	Mayor Cinca, Mª Ángeles Zubiauz , Begoña	Correo electrónico	mayor@usal.es bzubiauz@usal.es
Web			
Descripción xeral	Esta materia pretende afondar nas relacións entre cognición, linguaxe e lectura, así como nos procesos que interveñen e o seu desenvolvemento.		

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A3	Os alumnos/as saberán realizar a avaliación das dificultades de lectura e de trastornos específicos da linguaxe escrita.
B3	Os estudiantes poderán comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
B4	Os estudiantes serán capaces de tomar decisións con autonomía e responsabilidade.
C1	Os alumnos/as saberán utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da sua profesión e para o aprendizaxe ó longo da súa vida.
C3	Os estudiantes valorarán a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
XERAIS DA MATERIA			AP3    BP3    CP1 BP4    CP3
Poden informar por escrito sobre a clasificación, a terminoloxía e a descripción das alteracións da lecto-escritura. Son capaces de recoñecer e discriminar os trastornos específicos da linguaxe escrita e as dificultades de lectura. Poden informar sobre os principios xenerais da avaliación e diagnóstico nas alteracións da lecto-escritura. Son capaces de seleccionar e aplicar as técnicas de avaliación e diagnóstico más apropiadas para avaliar a aprendizaxe lecto-escritor. Poden describir os procesos cognitivo-lingüísticos implicados na actividade de lectura. Son capaces de realizar este tipo de avaliación no caso de nenos con deficiencia auditiva. Poden reflexionar sobre o estado do coñecemento no ámbito da avaliación da lecto-escritura, os seus problemas e perspectivas.			

Contidos	
Temas	Subtemas
1.-Cognición, linguaxe e lectura: Procesos e desenvolvemento	
2.-Modelo colaborador de avaliación da linguaxe escrita	
3.-Avaliación da conciencia fonolóxica na primeira infancia	
4. -Competencia lectora e zona de desenvolvemento próximo	



## Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	6	10	16
Lecturas	3	9	12
Discusión dirixida	6	0	6
Obradoiro	8	15	23
Portafolios do alumno	0	6	6
Traballos tutelados	1	3	4
Proba obxectiva	1	6	7
Atención personalizada	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	<p>Esquema xeral dunha sesión de tres horas tipo:</p> <p>Sección teórica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. por parte do profesor/a, 2. - Lectura comentada dun texto seleccionado (30 mins), 3. - Contestación individual a un cuestionario.</p> <p>Sección práctica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. a cargo do profesor/a, 2. - Cuestionario en grupo sobre a presentación (30 minutos), 3. - Exposición e discusión sobre as respuestas de cada grupo.</p> <p>No caso da sesión maxistral o profesorado presentará os contidos do tema apoiándose nunha presentación power point. A sesión maxistral utilizarase tanto para a introducción teórica do tema coma para a presentación dos casos ou as prácticas que estean planificadas. Cada materia desenvólvese en sesións de tres horas, polo que a sesión maxistral pode abranguer ao redor dunha hora por sesión: media hora para a introducción teórica e media hora para a presentación das prácticas. O profesorado poderá variar esta distribución compensándoa sempre co resto das metodoloxías para non aumentar a carga ECTS da materia</p>
Lecturas	Cada sesión de clase de tres horas contén un tempo dedicado á lectura comentada dun texto relacionado coa exposición do profesor. A duración prevista será duns 30 minutos por sesión de tres horas
Discusión dirixida	A discusión dirixida forma parte da sección práctica de cada sesión de tres horas. Logo de que os estudiantes contestasen por grupos ás preguntas do cuestionario que acompaña á presentación do profesor, cada grupo expoñerá as súas respuestas ao conxunto da clase, abríéndose unha quenda de intervencións ao respecto. A discusión pecharase coas conclusións do profesor/a
Obradoiro	A materia considera a realización de prácticas na aula. Estas realizaranse en formato de taller.
Portafolios do alumno	En cada sesión de clase o estudiante deberá contestar a un cuestionario individual sobre a lectura realizada e un en grupo relacionado cos casos analizados ou as prácticas realizadas. Estes cuestionarios, ademais das presentacións power point correspondientes a cada clase deberá ser incluído no seu portafolios. Nel recollerán igualmente cantos comentarios, reflexións ou actividades realíicense durante o curso



Traballos tutelados	Os estudantes non realizarán por cuadrimestre máis dun traballo tutelado. Este computará en todas as materias nas que estea matriculado posto que deberá contemplar as diferentes dimensións tratadas nelas. Todos os profesores/ás implicados actuarán como titores, se ben será o coordinador da titulación quen lle asigne un titor responsable. A relación de estudantes e titores responsables comunicarase a todo o profesorado. Finalizado o traballo todos os titores farán unha valoración (previamente protocolizada para simplificala) que remitirán ao titor responsable quen cualificará o traballo. Dado que en segundo cuadrimestre se acumulan materias, practicum e traballo fin de máster, os estudantes, coa orientación do seu titor e o acordo dos seus profesores poderán abordar un mesmo tema con tres perspectivas. Unha académica para responder á adquisición das competencias fixadas nas materias do plan de estudos. Outra profesional, para responder aos obxectivos do practicum. Unha última investigadora, onde a través da presentación dun proxecto de investigación poderán cumplir os obxectivos do traballo fin de máster. Pódese considerar, polo tanto, como un traballo único con tres partes e tres titos diferentes. Cada un recibirá o traballo completo, se ben cualificará a súa parte dando lugar a tres cualificacións independentes. O traballo deberá estar formalmente dividido en tres partes independentes, posto que a parte académica debe ser valorada tamén polo profesorado do segundo cuadrimestre
Proba obxectiva	Ao finalizar cada cuadrimestre os estudantes realizarán unha proba de avaliación única. Esta proba terá o formato de proba obxectiva e nela avaliaranse conciuntamente todas as materias. Para configurar a proba e dispor dun arsenal potencial, o profesorado remitirá 5 preguntas por crédito impartido nunha materia. Aos estudantes entregárselles un cuestionario onde figurarán identificadas as materias coas preguntas que lles corresponden e contestarán só a aquellas nas que estean matriculados. A cualificación obtida en cada materia será remitida ao profesor/a correspondente para que a inclúa na avaliación do estudiante. Quen suspendan unha materia recibirán indicacións do seu profesor/a para a súa recuperación.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción

## Avaliación

Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Sesión maxistral		10
Lecturas		10
Discusión dirixida		10
Portafolios do alumno		40
Proba obxectiva		20
Traballos tutelados		10

## Observacións avaliación



A avaliación será continua e

incluirá unha valoración cuantitativa do rendemento de cada estudiante en cada actividad realizada (incluídas as probas de exame que se poidan programar).

Estas actividades serán recollidas polos estudiantes nun portafolios por materia. Nel os estudiantes recollerán todos os esquemas, presentacións, traballos realizados, lecturas, prácticas, cuestionarios contestados, etc. Este portafolios estará dispoñible sempre que o profesorado queira supervisalo e, en todo caso, será entregado ao finalizar as clases presenciais da materia para a súa supervisión e cualificación. Cada profesor avaliará as actividades realizadas, segundo as metodoloxías docentes empregadas, en os créditos que teñen asignados. A cualificación na materia será o resultado da media das cualificacións dos profesores que a imparten. A cualificación de cada profesor será ponderada segundo o número de créditos que imparte. No caso de utilizar probas puntuais de exame (proba obxectiva, preguntas tipo tema, etc.) a súa cualificación considerarase como parte do portafolios da materia, sen que o seu peso poida superar o 50% da nota total asignada ao portafolios. O resto da cualificación virá determinada polos criterios seguintes: Asistencia a clase (por enriba do 80%): 10% Realización de lecturas e traballos tutelados: 30%

Nivel de rendemento madureza demostrada en actividades prácticas e tutorías: 10%

#### Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

#### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

#### Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías